



PROXECTO LECER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Xullo e Agosto 2022

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Política de Benestar Social, vai realizar campamentos de ocio e tempo libre durante os meses de xullo e agosto para persoas con discapacidade, ofertando máis de 200 prazas.

Trátase dun servizo de lecer e respiro familiar de carácter non permanente, dirixido a persoas con discapacidade psíquica, física ou sensorial.

"LECER NO VERÁN"

Criterios de participación

Poderán participar as persoas con discapacidade psíquica, física ou sensorial, empadroadas no Concello de Vigo, **dende os 6 aos 65 anos***:

- No mes de xullo idades comprendidas de 6 a 30 anos.
- No mes de agosto maiores de 30 anos.

Prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes rexístranse preferentemente por vía telemática no portal web do Concello de Vigo (www.vigo.org) ou presencialmente solicitando cita previa para o Rexistro Xeral

PRAZO : dende o 23 ao 30 de xuño (ámbolos dous incluídos).

*Non poderán acudir as persoas con síntomas compatibles co COVID-19, diagnosticadas da enfermidade.

Concello de Vigo - Concellería de Política Benestar Social -986.810351



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/06/2022 10:50	Páxina 1 de 3
179883-301	CSV: A6AHA7-8CCA88-5BC2E4-PTQDWX-57XBM1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Datas da actividade

- DIVÍRTETE NO VERÁN - XULLO (ATA 40 PRAZAS SEMANAIS)

- Do 04 de xullo ata o 08 de xullo
- Do 11 de xullo ata o 15 de xullo
- Do 18 de xullo ata o 22 de xullo

- LECER NO VERÁN - AGOSTO (ATA 40 PRAZAS SEMANAIS)

- Do 01 de agosto ata o 05 de agosto.
- Do 08 de agosto ata o 12 de agosto.
- Do 22 de agosto ata o 26 de agosto.

Horario e servizos complementarios

LECER NO VERÁN : XULLO E AGOSTO

- De 10:00h ata 14:00h (atención directa) con servizo de transporte gratuito (o transporte realizarase en taxi para maior seguridade das persoas participantes)
- As persoas participantes deberán levar o almorzo para media mañán.

¿Onde se imparten?

-XULLO E AGOSTO : VERBUM - Casa das Palabras

Avenida de Samil nº 17
36212 Vigo
Tlf.: 986 240 130

Solicitud e Documentación

As persoas interesadas en participar no proxecto "Lecer no Verán" presentarán a súa solicitude no Rexistro do Concello (con cita previa) ou a través da sede electrónica do Concello (www.vigo.org), dentro do prazo estipulado.

Concello de Vigo - Concellería de Política Benestar Social -986.810351



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/06/2022 10:50	Páxina 2 de 3
179883-301	CSV: A6AHA7-8CCA88-5BC2E4-PTQDWX-57XBM1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- ANEXO I - Solicitude.
- ANEXO II - Ficha de coñecemento persoal.
- ANEXO III - Autorización materna/paterna.
- ANEXO IV - Ficha de transporte. **(Este servizo só se presta dentro do Concello de Vigo)**. O transporte será sempre de ida e volta.
- Aquelas persoas que teñan que tomar medicación presentarán prescrición médica e posoloxía para a administración da mesma

As Persoas que soliciten praza por vez primeira achegarán tamén:

- Fotocopia DNI do solicitante
- Fotocopia tarxeta médica
- Fotocopia da tarxeta ou certificado oficial de discapacidade.

Soamente concederase unha semán a cada solicitante en xullo ou en agosto.

Persoal que impartirá a actividade

O proxecto será coordinado e supervisado pola técnica responsable do Servizo de Persoas con Discapacidade do Concello de Vigo.

O persoal que imparte o proxecto estará formado e cualificado, tendo en conta as características dos usuarios.

A Asociación Xuvenil Abertal será a responsable de levar a cabo a coordinación do proxecto .

Vigo, data da sinatura dixital

A concelleira delegada
da Área de Política Benestar Social
Yolanda Aguiar Castro

Concello de Vigo - Concellería de Política Benestar Social -986.810351



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/06/2022 10:50	Páxina 3 de 3
179883-301	CSV: A6AHA7-8CCA88-5BC2E4-PTQDWX-57XBM1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		